



RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN: procedemento ED701B

Visto o recurso interposto pola Secretaría Nacional da CIG-Ensino, contra a Resolución da ACSUG do 14 de decembro de 2017, pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento ao labor docente, e ao complemento de recoñecemento ao labor investigador, procédese á súa resolución de conformidade cos seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: O 15 de xaneiro do presente 2018 publicouse no DOG, a Resolución da ACSUG do 14 de decembro de 2017, pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento ao labor docente, e ao complemento de recoñecemento ao labor investigador.

A base segunda 'Destinatarios' da citada convocatoria establece que, de conformidade co disposto no artigo 1 do Decreto 55/2004, poderá solicitar esta valoración previa á asignación das retribucións adicionais sinaladas na base anterior, o persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor en activo das universidades públicas que compoñen o Sistema universitario de Galicia (SUG).

Na súa base terceira establécense os requisitos específicos esixidos para estes complementos, entre os cales, de conformidade co artigos 6.1 e 6.2 do Decreto 55/2004, así como co disposto polos artigos 2 e 3 da Orde do 16 de abril de 2004, segundo a redacción dada pola Orde do 11 de abril de 2006, se esixe que a praza do solicitante sexa fixa e estable, tendo superado o correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei.

SEGUNDO: O 25 de xaneiro do 2018 interpúxose pola Secretaría Nacional da CIG-Ensino, no rexistro da ACSUG, un recurso de reposición contra a citada Resolución.

Neste recurso alégase que, a teor do disposto na citada base segunda da convocatoria, "estase a excluír ao persoal temporal, con vínculo funcional e laboral, exclusivamente pola súa condición de persoal temporal" e, (alegación segunda) cítase distinta xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, pola cal, en aplicación da cláusula 4.1 da directiva 1999/70/CE, considérase unha desigualdade de trato salarial entre dous empregados que realizan iguais funcións, aludir á natureza temporal da

relación de servizo dun deles, a menos que 'se xustifique un trato diferente por razóns obxectivas'.

Alégase o efecto vertical da mencionada directiva, e porén a súa invocación directa polos particulares ante os tribunais do Estado.

Continúase (na alegación terceira) facendo referencia a distintas sentencias da xurisdición contencioso administrativa polas cales, segundo o recorrente, se confirma a 'ilegalidade das convocatorias análogas á presente'.

TERCEIRO: Conclúe o recurso solicitándose da administración, que se realicen as modificacións oportunas no articulado da resolución recorrida, '**co fin de permitir a participación do persoal temporal funcional e temporal laboral**, con apertura dun novo prazo de presentación de instancias para que este persoal poida acollerse a tal convocatoria.

CUARTO: O 8 de febreiro de 2018 solicítase pola ACSUG á Asesoría Xurídica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a emisión dun informe respecto da procedencia de estimar ou desestimar o recurso de reposición interposto pola Secretaría Nacional da CIG-Ensino e, e en caso de que fose procedente, en qué termos debería a ACSUG modificar dita Resolución.

O 19 de febreiro de 2018 recíbese o informe da Asesoría Xurídica. Sendo a Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA), o órgano superior en materia de avaliación, así como o competente tanto das resolucións como da elaboración dos protocolos de avaliación, dito informe lévase á xuntanza do 27 de febreiro desta comisión, para o seu coñecemento.

DEREITO

PRIMEIRO: Os artigos 55 e 69 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (en diante LOU) regulan respectivamente as 'retribucións do persoal docente e investigador contratado e funcionario.

En concreto, ambos preceptos (55.2 e 69.3 respectivamente) establecen

*"Las Comunidades Autónomas **podrán**, asimismo, establecer retribuciones adicionales ligadas a méritos individuales por el ejercicio de las siguientes funciones: actividad y dedicación docente, formación docente, investigación, desarrollo tecnológico, transferencia de conocimientos y gestión. **Dentro de los límites que para este fin fijan las Comunidades Autónomas**, el Consejo Social, a propuesta del Consejo de Gobierno, podrá acordar la asignación singular e individual de dichos complementos retributivos."*



A continuación indícase que, estes complementos retributivos, asignaranse previa valoración dos méritos pola ANECA ou o órgano de avaliación externa que se determine pola CCAA.

SEGUNDO: Con arranxo ao disposto nos citados artigos 55 e 69 da LOU, así como no apartado 4 do artigo 15 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, a Xunta de Galicia, aprobou o Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario (DOG do 22 de marzo).

Este decreto crea catro tipos de complementos, e restrinxe a súa aplicación, de conformidade co disposto no seu artigo 1, **ao persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor** das universidades públicas que compoñen o Sistema universitario de Galicia.

Ademais, no apartado 1 e 2 do artigo 6 do Decreto 55/2004, establécese como requisitos específicos do complemento de recoñecemento ao labor docente e do complemento de recoñecemento ao labor investigador, a existencia de que **'a praza do solicitante debe ser fixa e estable, tendo superado o correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei'**.

Neste sentido, as bases da convocatoria da ACSUG, agora impugnadas, non podían máis que recoller as esixencias dos citados artigos 1 e 6 do Decreto 55/2004, limitando deste xeito o ámbito subxectivo dos complementos, ao **persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor fixo** das universidades do SUG.

Non podemos esquecer que no apartado 2 do Artigo 47 da Lei 39/2015, establécese a nulidade de pleno dereito das disposicións administrativas que vulneren a Constitución, as leis ou outras disposicións administrativas de rango superior.

TERCEIRO: Por outra banda, nos fundamentos de Dereito do informe de 19 de febreiro de 2018 da letrada da Xunta de Galicia indícase que: *"A directiva comunitaria invocada polo sindicato recorrente prohibe o tratamento diferenciado nas condicións de traballo das persoas que teñan un contrato de duración determinada e das fixas comparables, a menos que se xustifique por razóns obxectivas"*.

E remata o informe concluíndo que, *tendo presente a Directiva 1999/70/CE, deixaríase de aplicar o requisito da praza fixa e estable e da superación do correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei*, se ben, todos os demais requisitos específicos esixidos en cada complemento seguen plenamente vixentes.

CUARTO: Do indicado ate o de agora procede concluír:

En primeiro lugar, con arranxo ao disposto nos citados artigos 55 e 69 da LOU, así como de conformidade co establecido no apartado 4 do artigo 15 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, o establecemento de retribucións adicionais do profesorado é unha cuestión discrecional de cada CCAA. Deste xeito, o Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario decidiu restrinxir o seu ámbito de aplicación (de conformidade co disposto no artigo 1) ao persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor das universidades públicas que compoñen o Sistema universitario de Galicia. De feito, hai comunidades autónomas que optaron por establecer retribucións específicas para determinadas figuras de profesorado así como outras optaron por non establecer ningún réxime de retribucións adicionais. En calquera caso, esta é unha cuestión para a que o consorcio ACSUG non é competente, xa que non dispón da correspondente potestade regulamentaria nin da capacidade para a modificación da normativa existente.

En segundo lugar, e de acordo co indicado no informe da letrada da Xunta de Galicia, en aplicación da Directiva 1999/70/CE, deixaríase de aplicar o requisito da praza fixa e estable e da superación do correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei, ao entender que implica un tratamento diferenciado nas condicións de traballo entre as persoas que teñan un contrato de duración determinada e das fixas, ocupando unha praza comparable.

En terceiro e último lugar, a distinción entre as persoas que ocupen unha praza 'comparable', a efectos da percepción dos complementos autonómicos, deberá xustificarse por razóns obxectivas, permanecendo neste sentido vixentes os demais requisitos específicos de cada un dos complementos exixidos polo Decreto 55/2004, así como os requisitos e criterios establecidos polas correspondentes ordes que desenvolvan cada uno dos complementos. Neste caso concreto que nos ocupa, a Orde do 16 de abril de 2004 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola CGIACA relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecementos ao labor docente e ao labor investigador.

De conformidade co exposto:

Acórdase **ESTIMAR PARCIALMENTE** o recurso de reposición interposto contra a resolución da presidencia da ACSUG do 14 de decembro de 2017, pola que se aproba a convocatoria ordinaria para a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento ao labor docente, e ao complemento de recoñecemento ao labor investigador, de xeito que, en tanto segue rexendo o artigo 1 do



Confederación Intersindical Galega

ENSINO

Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, o ámbito subxectivo do Decreto é o persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor das universidades públicas que compoñen o Sistema Universitario de Galicia, si ben, tendo presente a Directiva 1999/70/CE, deixase de aplicar o requisito da praza fixa e estable e da superación do correspondente proceso de concurso-oposición establecido na lei.

Procede o inicio dos trámites para a apertura dun prazo adicional, para que o *persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor cuxa praza non sexa fixa e estable*, das universidades públicas que compoñen o Sistema Universitario de Galicia, poida acollerse a esta convocatoria.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos, advertindo que esta resolución pon fin á vía administrativa, podendo interpoñerse polo interesado recurso ante o Xulgado Contencioso-administrativo, de conformidade co artigo 25 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da recepción da presente notificación.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2018

A PRESIDENTA DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA
UNIVERSITARIO DE GALICIA



AXENCA PARA A CALIDADE DO
SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

María Patrocinio Porrondo Pelayo